

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

A Facultade de Formación do Profesorado da Universidade de Santiago de Compostela é o centro do Campus de Lugo encargado do deseño, planificación da docencia, organización e xestión dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de grao e máster que habilitan para o exercicio da profesión docente. Tamén poderá impartir outras ensinanzas que teñan como finalidade a preparación para o exercicio de actividades profesionais especializadas no ámbito educativo.

Artigo 2

O presente Regulamento de réxime interno da Facultade de Formación do Profesorado ten por obxecto establecer o réxime xurídico dos órganos do centro, en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e da restante normativa de aplicación.

Artigo 3

A lingua galega é a lingua propia da Facultade. A Facultade potenciará e garantirá, no marco das súas competencias, o uso pleno da lingua galega en todos os ámbitos.

TÍTULO PRIMEIRO: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

Capítulo I: dos órganos de goberno

Artigo 4

1. Os órganos de goberno e administración da Facultade son os seguintes:
 - a) A Xunta de Facultade.
 - b) O decano ou a decana.
 - c) As vicedecanas e os vicedecanos.
 - d) O secretario ou a secretaria.
2. Estes órganos de goberno estarán asistidos polo asesoramento de comisións que terán carácter consultivo.
3. Para ser candidato ou candidata e desempeñar órganos unipersoais, o profesorado deberá estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo e o estudiantado deberá estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria. O persoal de

administración e servizos deberá ter como único emprego o que desenvolva na Universidade de Santiago de Compostela.

Capítulo II: da Xunta de Facultade

Artigo 5

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 6

1. A Xunta de Facultade estará composta por:
 - a) A decana ou o decano, que a convocará e presidirá.
 - b) Os vicedecanos e as vicedecanas.
 - c) A secretaria ou o secretario do centro, que o será tamén da Xunta.
 - d) O ou a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
 - e) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.
 - O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta.
 - f) Unha representación do estudantado do 32%.
 - g) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.
2. Tamén poderá ser convocado para a Xunta de Facultade, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite.
3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.
4. Cando un representante elixido cause baixa por renuncia expresa ou por outra circunstancia será substituído, de ser posible, polo seguinte candidato máis votado no mesmo sector ou subsector.

Artigo 7

1. A Xunta de Facultade reunirse con carácter ordinario ou extraordinario.
2. As reunións ordinarias faranse por iniciativa do decano ou decana, e terán lugar polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo.
3. As reunións con carácter extraordinario faranse por iniciativa do decano ou da decana, ou cando así o solicite un terzo, polo menos, dos membros da Xunta ou a maioría simple da Comisión Permanente.

Artigo 8

Na convocatoria da Xunta de Facultade deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión. A convocatoria deberá notificarse por correo electrónico a cada un dos membros da Xunta cunha antelación mínima de setenta e dúas horas correspondentes a días hábiles, agás no caso dunha sesión extraordinaria, que será notificada con corenta e oito horas de anticipación.

Artigo 9

1. A Xunta de Facultade quedará constituída, en primeira convocatoria, cando concorra a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da cuarta parte deles. En ambos os dous casos deberán estar presentes, ademais, o presidente e o secretario, ou quen legalmente os substitúan.
2. A decana ou o decano, ou na súa ausencia o vicedecano ou a vicedecana en quen delegue, preside a sesión plenaria da Xunta e será responsable de ordenar e dirixir os debates. A secretaria ou o secretario levantará acta e certificación da sesión. No suposto de ausencia accidental do secretario ou da secretaria, será substituído por unha vicedecana ou un vicedecano ou polo docente máis novo da Xunta.
3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros da Xunta e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Artigo 10

1. As decisións pódense tomar por asentimento ou por votación.
2. As votacións poden ser públicas a man alzada ou secretas, cando afecten a persoas concretas ou o solicite calquera dos asistentes.
3. Só se admite o voto dos membros presentes no momento de efectuarse unha votación.
4. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para a moción de censura e a reforma do propio Regulamento. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do decano ou decana, ou de quen legalmente o substitúa na presidencia da Xunta.

Artigo 11

A asistencia ás reunións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan esta asistencia, que se fará pública na páxina web da Facultade.

Artigo 12

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección da decana ou do decano e, de ser o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e ás normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a

proposta de implantación de novas titulacións oficiais e a organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.

f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento. En concreto, a Xunta de Facultade aprobará a planificación docente anual, o horario lectivo e o calendario de exames do centro.

g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.

i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.

l) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.

m) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.

n) A concesión da dispensa de asistencia a clase, nos termos establecidos na normativa que sexa de aplicación.

ñ) A elaboración da proposta sobre a capacidade do centro en relación coa regulación do ingreso de novos estudantes no mesmo, nos termos establecidos na normativa que sexa de aplicación.

o) A emisión de informes sobre o cumprimento das obrigas docentes do profesorado.

p) A aprobación da existencia dunha Comisión Permanente e de comisións consultivas.

q) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Compostela e este Regulamento, ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Capítulo III: da Comisión Permanente

Artigo 13

1. Se así o acorda a Xunta de Facultade, poderá existir unha Comisión Permanente da mesma, que será o seu órgano delegado para resolver asuntos de carácter ordinario no ámbito das súas competencias.
2. A Comisión Permanente estará integrada polo decano ou pola decana, que a presidirá e convocará; as vicedecanas e os vicedecanos; o secretario ou a secretaria do centro, que o será tamén da Comisión Permanente e unha representación proporcional dos distintos sectores integrantes da Xunta, ata completar un número máximo de quince membros.

Artigo 14

1. Os membros non natos da Comisión Permanente serán elixidos no seo da Xunta de Facultade polos mesmos sectores aos que representan. O período no que desempeñarán o seu posto será o mesmo que o establecido para ser membro da Xunta

- de Facultade.
2. As candidaturas a representantes na Comisión Permanente formalizaranse na mesma sesión da Xunta de Facultade na que se proceda á elección.
 3. A votación será secreta e deberase levar a cabo conforme ao sistema que asegure a representación das posibles candidaturas existentes. Xa que logo, cada elector poderá escribir na súa papeleta un número máximo de nomes equivalente ao 70% dos postos a cubrir por cada sector.
 4. Resultarán elixidos os candidatos que na votación obtivesen maior número de votos. No caso de que dous ou máis candidatos obteñan o mesmo número de votos, procederase do seguinte xeito: cando se trate de membros do persoal docente e investigador ou do persoal de administración e servizos, proclamarase candidato electo ao que leve máis tempo vinculado á Universidade de Santiago de Compostela; cando se trate de membros do estudantado, proclamarase candidato electo ao matriculado no curso superior. De persistir o empate, será elixido o de máis idade.

Artigo 15

1. A Comisión Permanente reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao trimestre, e con carácter extraordinario sempre que o decano ou decana o considere oportuno, ou por petición da terceira parte dos seus membros.
2. A Comisión Permanente será convocada pola decana ou polo decano. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión. A convocatoria deberá notificarse por escrito ou por correo electrónico a cada un dos membros da Comisión cunha antelación mínima de corenta e oito horas correspondentes a días hábiles, agás no caso dunha sesión extraordinaria, que será notificada con vinte e catro horas de anticipación.
3. A Comisión Permanente quedará constituída, en primeira convocatoria, cando concorran a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia da cuarta parte deles.

Artigo 16

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) A coordinación da actividade docente do profesorado, nos termos establecidos no artigo 12, apartado f) deste Regulamento.
- b) Por delegación da Xunta de Facultade, o exercicio da competencia expresada no artigo 12, apartado n) do presente Regulamento.
- c) A resolución de asuntos de trámite.
- d) O seguimento das tarefas de xestión dos órganos de goberno de carácter unipersoal.
- e) Aqueloutras competencias que, no seu momento, delegue nela a Xunta de Facultade.

Artigo 17

En canto a Xunta de Facultade non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nos apartados a), b), c), d), e), ñ) e p) do Artigo 12 deste Regulamento, que establece as competencias da Xunta

de Facultade e que non poderán ser delegadas.

Artigo 18

Na primeira sesión ordinaria que a Xunta de Facultade celebre con posterioridade á última reunión da Comisión Permanente, o decano ou a decana informará aos membros da Xunta de todas as actuacións da Comisión.

Capítulo IV: das comisións delegadas da Xunta de Facultade

Artigo 19

1. As comisións delegadas da Xunta de Facultade, integradas por membros da propia Xunta, son de dous tipos: de carácter estable e de carácter temporal.
2. Teñen carácter estable a Comisión de docencia e validacións, a Comisión de asuntos económicos e servizos, a Comisión de normalización lingüística e a Comisión de xénero.
3. Á marxe destas comisións estables, a Xunta de Facultade poderá acordar a creación doutras comisións de carácter temporal en relación con asuntos concretos. O correspondente acordo da Xunta de Facultade especificará as súas competencias e a duración da súa actuación.
4. Cada comisión delegada será convocada polo seu presidente. A convocatoria deberá notificarse por escrito ou por correo electrónico a cada un dos membros da comisión cunha antelación mínima de setenta e dúas horas correspondentes a días hábiles, agás nos casos de urxencia, que será notificada con corenta e oito horas de anticipación.
5. As comisións delegadas constituiranse en primeira convocatoria coa presenza da maioría dos seus membros, e en segunda convocatoria coa asistencia da terceira parte deles.

Artigo 20

A Comisión de docencia e validacións estará constituída polo decano ou vicedecano no que delegue, que a convocará e presidirá, así como por catro docentes, tres estudantes e un membro do persoal de administración e servizos, elixidos todos eles pola Xunta de Facultade.

Artigo 21

A Comisión de asuntos económicos e servizos estará constituída polo decano ou vicedecano no que delegue, que a convocará e presidirá, así como por catro docentes, tres estudantes e un membro do persoal de administración e servizos, elixidos todos eles pola Xunta de Facultade.

Artigo 22

A Comisión de normalización lingüística estará constituída por catro docentes, un estudante e un membro do persoal de administración e servizos, elixidos todos eles pola Xunta de Facultade. Un dos membros da Comisión desempeñará as funcións de presidente da mesma.

Artigo 23

A Comisión de xénero estará constituída por catro docentes, un estudante e un membro

do persoal de administración e servizos, elixidos todos eles pola Xunta de Facultade. Un dos membros da Comisión desempeñará as funcións de presidente da mesma.

Capítulo V: doutras comisións da Facultade

Artigo 24

1. A Comisión de biblioteca rexerese polo disposto no Regulamento da Biblioteca Universitaria, de acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A Comisión de biblioteca estará constituída polo decano ou persoa na que delegue, que a convocará e presidirá, e mais polo director da Biblioteca do centro. Tamén formarán parte da Comisión de biblioteca seis docentes e tres estudantes elixidos todos eles pola Xunta de Facultade

Artigo 25

1. A Comisión de Calidade do centro responde ás esixencias do Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro (SGIC), documento que tamén regula a súa composición.
2. A Comisión de Calidade estará constituída polos seguintes membros: decano ou decana, que a convocará e presidirá; secretario ou secretaria da Facultade, que actuará como secretario/a da Comisión; coordinador/a de Calidade do centro; coordinadores ou coordinadoras de titulacións; coordinador ou coordinadora xeral de Prácticum; responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos; dous representantes do estudantado elixidos pola Xunta de Facultade, preferentemente un por cada título de grao; as coordinacións de TFG dos graos, e outros membros que o decano/a do centro considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o correcto funcionamento do SGIC. .

Artigo 26

1. A Comisión de intercambios interuniversitarios de estudantes rexerese polo disposto no Regulamento do 15 de febreiro de 2008 dos intercambios interuniversitarios de estudantes (DOG do 26 de marzo).
2. A Comisión de intercambios interuniversitarios de estudantes estará constituída polos seguintes membros: o Responsable de mobilidade, que será un dos membros do equipo decanal e que a convocará e presidirá; os coordinadores académicos dos diferentes programas de intercambio e o Responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos, que desempeñará as funcións de secretario.

Capítulo VI: dos órganos de goberno unipersoais

Artigo 27

1. A decana ou o decano representa a Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. A Xunta de Facultade elixirá o decano ou a decana entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no centro, seguindo o procedemento estipulado no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela e neste Regulamento de réxime interno, e logo será nomeado polo reitor.
3. O decano ou a decana cesará ao remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada pola maioría absoluta da Xunta de Facultade.

Artigo 28

1. Son competencias da decana ou do decano:
 - a) A representación da Facultade.
 - b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado do centro, así como a execución dos seus acordos.
 - c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
 - d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
 - e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
 - f) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario ou secretaria da Facultade e dos vicedecanos e vicedecanas.
 - g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
 - h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
 - i) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
 - l) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinale este Regulamento, os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou a lexislación universitaria.
2. As competencias do decano ou decana estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 29

1. O secretario ou a secretaria da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas a a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o decano, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. A secretaria ou o secretario será nomeado polo reitor, segundo a proposta do decano, de entre o profesorado ou funcionariado dos subgrupos A1 e A2 censados no centro.
3. O secretario ou a secretaria cesará no seu cargo por decisión do reitor, for tras a proposta do decano ou por petición propia.

Artigo 30

1. As vicedecanas e os vicedecanos serán nomeados polo reitor, por proposta do decano, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e

- neste Regulamento.
2. É labor dos vicedecanos e das vicedecanas coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do decano, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos e vicedecanas, o decano designará quen ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.
 3. As vicedecanas e os vicedecanos cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo da proposta do decano, ou por petición propia.

TÍTULO SEGUNDO: DA ELECCIÓN E REMOCIÓN DO DECANO OU DECANA

Capítulo I: da elección do decano ou decana

Artigo 31

1. A decana ou o decano será elixido pola Xunta de Facultade, convocada para tal efecto, entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade que estea censado no centro.
2. A elección de decano ou decana realizarase consonte o procedemento indicado no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 32

1. As eleccións convocaraas o decano ou a decana, coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes deste. No caso de incumprimento do dito deber, as eleccións serán convocadas polo reitor. Se a decana ou o decano cesase por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao dito cesamento.
2. A reunión da Xunta de Facultade na que se procederá á votación non poderá ser convocada para antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas nin para despois de corenta e cinco días naturais dende a data de saída da convocatoria.
3. A presidencia da sesión da Xunta de Facultade na que teñan lugar as votacións corresponderá ao seu titular en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura a decano ou decana, sería substituído na presidencia por un vicedecano ou unha vicedecana.
4. No caso de que a secretaria ou o secretario presentara a súa candidatura actuará como secretario accidental o membro da Xunta de Facultade de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos para o desempeño do cargo.

Artigo 33

1. Antes da votación, cada un dos candidatos e candidatas disporá dun tempo máximo de trinta minutos para expoñer o seu programa. A orde de intervención dos candidatos e candidatas decidírase por sorteo. Tralas exposicións abrírase un debate no que os candidatos e candidatas responderán preguntas e suxestións que lles dirixan os

- membros da Xunta de Facultade durante un tempo máximo dunha hora. Rematado o debate procederase á votación.
2. A votación realizarase consonte o sinalado no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela e, en todo caso, garantindo o secreto do voto e a seguridade do resultado.
 3. No caso de concorrencia de máis dun candidato, a elección celebrarase de acordo co sistema de dobre volta establecido no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela. No caso dun único candidato ou candidata, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato se obtén o 25% ou máis dos votos emitidos.

Capítulo II: da remoción da decana ou do decano

Artigo 34

1. A decana ou o decano pode perder a súa condición pola adopción, por maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade, dunha moción de censura construtiva. A moción de censura deberá ser proposta polo menos por un terzo dos membros da Xunta de Facultade e terá que incluír un candidato alternativo.
2. Cando concorran estas circunstancias, o decano ou a decana convocará unha Xunta de Facultade con carácter extraordinario, con ese único punto da orde do día e nun prazo máximo de quince días hábiles.
3. A sesión será presidida polo membro do persoal docente e investigador máis antigo que non sexa candidato.
4. Tanto o candidato proposto como o decano ou a decana disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións, comezando polo candidato alternativo proposto. Tralas exposicións, abrirase un debate no que o candidato proposto e mais o decano responderán preguntas e observacións que lles fagan os membros da Xunta de Facultade durante un tempo máximo dunha hora. Rematado o debate, procederase á votación nominal e secreta.
5. Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade, será proclamado decano ou decana electa o candidato proposto na moción de censura. Unha vez nomeado, o novo decano desempeñará o cargo o resto do período para o que foi elixido o decano revogado.
6. Se a moción de censura non fose aprobada, os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

TÍTULO TERCEIRO: DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 35

A iniciativa para a reforma do Regulamento será adoptada polo decano ou decana directamente ou tomando en consideración unha proposta asinada polo 25% dos membros da Xunta de Facultade.

Artigo 36

1. As propostas de modificación do Regulamento deberán estar debidamente motivadas e articuladas. Recibida a proposta, abrirase un prazo de dez días para a presentación de emendas.
2. A proposta de reforma xunto coas emendas debateranse en Xunta de Facultade.
3. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto favorable da maioría absoluta da Xunta de Facultade e logo deberá ser ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela. De non ser así, a proposta de reforma considerárase rexeitada, e non poderá propoñerse outra reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.
4. Cando a reforma do Regulamento se produza pola aplicación obrigatoria dunha modificación dunha norma de rango superior, abondará con que sexa aprobada polo voto favorable da maioría dos presentes na Xunta de Facultade.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

Segunda

Para o que non estea previsto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.

Aprobado en Consello de Goberno da USC o 28 de abril de 2022